

GUÍA DE CAMPAMENTOS DE VERÁN CONCELLO DE LALÍN 2022

lalin
CAMP 2022

deporte

diversión

natureza

Xullo - Agosto

Campamentos de verán

Xullo - Agosto

máis info

www.lalin.gal

apúntate xa!

Querenás ser de Lalín!

O **Concello de Lalín** ofrece a posibilidade de menores lalinenses de 3 a 17 anos empreguen o seu tempo libre estival participando en **actividades de educación non formal** de carácter lúdico, cultural, deportivo, formativo, etc., que tamén é para as familias un recurso de **conciliación da vida persoal, familiar e laboral**.

A información está dispoñible na páxina web: <http://www.lalin.gal>

A Campaña de Verán de 2022 que oferta a Concellería de Xuventude do Concello de Lalín, recupera a normalidade tras a Covid-19 e oferta, durante os meses de xullo e agosto as seguintes accións:

CAMPAMENTO DIVERVERÁN

Obradoiros, xogos, excursións e visitas para aprender e desfrutar do verán en Lalín.

Idades: de 6 a 9 anos.

Nº de prazas: 20 prazas.

Datas: de Luns a Venres do 27 de xuño ao 15 de xullo.

Horario: de 9:00 a 14:00 horas.

Lugar de realización: Albergue “Vicente Agulló” de Mouriscade.

Terá dispoñible un servizo de transporte gratuíto

CAMPAMENTO “A AVENTURA ESTÁ AÍ FORA”

Campamento multiaventura con durmida, no que se visitarán lugares da contorna.

Idades: de 10 a 12 anos

Nº de prazas: 15 prazas.

Datas: Venres, Sábado e Domingo do 1 ao 3 de xullo; 8 ao 10 de xullo; 15 ao 17 de xullo.

Horario: Chegada o Venres ás 16:00 e saída o Domingo ás 14:00 horas.

Lugar de realización: Albergue “Vicente Agulló” de Mouriscade.

Terá dispoñible un servizo de transporte gratuíto.

CAMPAMENTO MIÚDO

Obradoiros e xogos para aprender divertíndose e desfrutando.

Idades: de 3 a 6 anos.

Nº de prazas: 20 prazas.

Datas: de Luns a Venres do 4 ao 15 de xullo.

Horario: de 10:00 a 14:00 horas.

Lugar de realización: Casa da Xuventude de Lalín.

CAMPAMENTO VERDE

Obradoiros e xogos sobre o medioambiente da contorna.

Idades: de 5 a 13 anos.

Nº de prazas: 40 prazas.

Datas: de Luns a Venres do 18 ao 29 de xullo (excepto o día 25)

Horario: de 9:00 a 14:00 horas.

Lugar de realización: Casa da Xuventude de Lalín.

CAMPAMENTO MULTIDEPORTE

Actividades deportivas para desfrutar dun verán cheo de deporte e saúde.

Idades: de 3 a 12 anos.

Nº de prazas: 30 prazas.

Datas: de Luns a Venres do 18 ao 29 de xullo e do 1 ao 12 de agosto.

Horario: de 16:00 a 20:00 horas.

Lugar de realización: Casa da Xuventude de Lalín e Espazos Deportivos Municipais.

CAMPAMENTO MULTIAVENTURA “CARBALLOS”

Campamento multiaventura, con visitas e actividades na natureza.

Idades: de 8 a 12 anos.

Nº de prazas: 40 prazas.

Datas: do 16 ao 22 de agosto.

Horario: de 10:00 a 20:00 horas.

Lugar de realización: Albergue “Vicente Agulló” de Mouriscade.

Terá dispoñible un servizo de transporte gratuito dende a estación de Autobuses.

CAMPAMENTO MULTIAVENTURA “CASTIÑEIROS”

Campamento multiaventura con durmida, con excursións e actividades na natureza.

Idades: de 13 a 17 anos.

Nº de prazas: 30 prazas.

Datas: do 25 ao 31 de agosto.

Horario: Chegada o Xoves 25 ás 10:00 e saída o Mércores 31 ás 20:30 horas.

Lugar de realización: Albergue “Vicente Agulló” de Mouriscade.

QUEN PODE SOLICITAR PRAZA

Poden solicitar praza nas actividades ofertadas as familias de menores residentes en Lalín.

Para ser admitido no campamento será necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.

Ningunha persoa participante poderá ser admitida en máis de tres campamentos.

PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E OU PSÍQUICA

Co obxectivo de que a **inclusión social** sexa unha realidade ao tempo que se favorece a interacción e a convivencia entre toda a mocidade, as persoas con diversidade funcional e ou psíquica deben tratar de buscar a modalidade de participación que mellor se poida adaptar as súas necesidades en cada campamento, os cales tratarán de dispor de persoal especializado na atención á diversidade.

Para facilitar a selección das actividades e instalacións máis axeitas ás condicións das persoas solicitantes, á programación de actividades e ás características das instalacións de cada campamento, poderase facer unha consulta na Oficina de Igualdade do Concello de Lalín que contactará coa dirección do campamento seleccionado co fin de coordinar e mellorar as posibilidades de atención específica.

En todo caso, as persoas que teñan unha **discapacidade** deberán facer constar esta circunstancia no formulario de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.

IDADES

As diferentes idades estipuladas para cada Campamento de Verán do Concello de Lalín están recollidas tanto na guía coma na ficha de inscrición. Para participar, segundo as idades permitidas, cómpre destacar que **deberán ter feitos os anos mínimos previstos para cada actividade no momento do inicio do campamento, e non poderán ter mais da idade máxima estipulada antes da finalización do campamento.**

COMO PRESENTAR A SOLICITUDE.

As solicitudes atenderanse por rigoroso orde de inscrición e só se poderán escoller un máximo de tres campamentos, establecendose a orde de preferencia e prioridade (1º, 2º e 3º)

Unha vez admitida/o nun campamento e co obxectivo de que poidan participar o maior número de nenos/as, as seguintes solicitudes entrarán nunha lista de agarda e cubriranse estas solicitudes segundo queden prazas libres. **As prazas adxudicadas serán intransferibles.**

A solicitude será individual. As persoas que presenten unha solicitude deben utilizar o formulario que se incorpora como **anexo I** desta guía.

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse entre o 1 e o 15 de xuño de 2022, **preferiblemente por vía electrónica** incluído a/as Ficha/as de Inscripción, a través da sede electrónica do Concello de Lalín <https://lalin.sedelectronica.gal/> ou a través do **Rexistro Xeral do Concello**.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación será directa e por **rigoroso orde de rexistro**, tendo en conta a orde de prioridade exposta na Ficha de Inscripción e no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles. Ademais establecerase prioridade na orde da lista para aquelas/es participantes que aínda non foran seleccionadas/os en ningún outro campamento.

Publicaranse as listas de persoas admitidas e de agarda na páxina web e no Taboleiro do Concello de Lalín ou noutros espazos visibles e axeitados. Nestas publicacións e en virtude da normativa de protección de datos persoais, as persoas admitidas virán identificadas polo nome e o número de expediente asignado pola aplicación informática de xestión do procedemento. Procederase do mesmo xeito respecto das persoas incluídas nas listas de agarda.

DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN DE PRAZA

Unha vez adxudicada a praza **entregarase esta documentación á dirección de cada campamento** o día da reunión:

- Copia do DNI/NIE/ Pasaporte da persoa responsable do/a menor e daquela outra persoa encargada da recollida.
- Foto carnet do/a menor.
- Copia do DNI/NIE/pasaporte da/o menor. Se o/a menor non dispuxera de DNI/NIE/Pasaporte, deberá achegarse a copia da folla correspondente do libro de familia ou documentación análoga.
- Copia da tarxeta sanitaria ou seguro médico privado da/o menor.
- Informe médico, si procede.
- Declaración responsable sobre a Covid-19, conforme ao modelo que se publicará na páxina web do Concello de Lalín de ser o caso.
- Copia completa da sentenza xudicial polo que se aprobe o convenio regulador no que conste a atribución da garda e custodia do/a menor, se procede.

AS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS PRAZAS ESTÁN OBRIGADAS A:

Incorporarse á actividade e regresar polos medios e nos prazos establecidos.

Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia das persoas proxenitoras ou titoras ou persoa debidamente autorizada, e será responsabilidade destes/as o traslado para o regreso ao seu domicilio.

Respectar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención fronte á Covid-19 e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.

Poderán ser expulsadas do campamento as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia.

AS PERSOAS PARTICIPANTES DISPORÁN DOS SEGUINTES SERVIZOS

- Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación da persoa moza.
- Aloxamento no albergue nos campamentos con pernocta.
- A manutención, con comida incluída ou en réxime de pensión completa, segundo os casos.
- O material necesario para a actividade.
- Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades deportivas, de ser o caso. Así mesmo, e para o caso das persoas con necesidades especiais por razón da súa diversidade funcional e ou psíquica, dispórase de persoal de apoio para atender as súas necesidades.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.
- Servizo de transporte gratuíto, dependendo da actividade.

EQUIPAMENTO MÍNIMO NECESARIO

As persoas mozas que participen nestas actividades deberán levar útiles de aseo persoal, roupa axeitada (usada e cómoda), roupa de abrigo e chuvia, roupa deportiva, calzado forte e cómodo, sombreiro ou gorra, roupa de baño (traxe de baño, toalla, gorro de piscina, protector solar), calzado deportivo e aquel outro equipamento que se indique nas reunións ou programas informativos de cada campamento.

As familias poderán ter mais información e aportar a documentación solicitada requirida nas reunións cos equipos de monitorado de cada campamento, nas seguintes datas:

CAMPAMENTO DIVERVERÁN REUNIÓN 21 DE XUÑO ÁS 20:30H.
CAMPAMENTO “A AVENTURA ESTÁ AÍ FORA” REUNIÓN 21 DE XUÑO ÁS 20:30H.
CAMPAMENTO VERDE REUNIÓN 15 DE XULLO ÁS 20:00H.
CAMPAMENTO MULTIDEPORTE REUNIÓN 15 DE XULLO ÁS 21:00H.
CAMPAMENTO “MULTIAVENTURA CARBALLOS” REUNIÓN 12 DE AGOSTO ÁS 20:30H.
CAMPAMENTO “MULTIAVENTURA CASTIÑEIROS” REUNIÓN 12 DE AGOSTO ÁS 21:00H.

* Todas as reunións (excepto Camp. MIÚDO) serán na **sala de prensa do Concello de Lalín**.

CAMPAMENTO MIÚDO REUNIÓN 4 DE XULLO ÁS 10:00H. na Casa da Xuventude
--

INCORPORACIÓN AOS CAMPAMENTOS

Nos Campamentos **MIÚDO**; **VERDE**; **MULTIDEPORTE**; e **CASTIÑEIROS** que non teñen previsto un sistema de transporte propio (autobús), a **incorporación e a recollida de menores será por conta da persoa interesada**, nos termos que indique a Concellería de Xuventude do Concello de Lalín e de conformidade coas medidas de prevención indicadas polas autoridades sanitarias sobre a Covid-19, de ser o caso.

En todo caso, esta incorporación farase de xeito graduado para evitar aglomeracións puntuais, informando previamente á dirección de cada Campamento.

Os campamentos DIVERVERÁN e “A AVENTURA ESTÁ AÍ FORA” terán dispoñible un servizo de autobús gratuíto coa seguinte ruta e horario:

Ida- 9:00H.– Rúa da Ponte,nº6 – Praza da Igrexa (Pelegrín) – Estación de Autobuses – Mouriscade.

Volta- 14:00H.– Mouriscade – Estación de Autobuses – Praza da Igrexa (Pelegrín) – Rúa da Ponte,nº6.

O campamento MULTIAVENTURA CARBALLOS terá dispoñible un servizo de autobús gratuíto coa seguinte ruta e horario:

Ida- 10:00H.– Estación de Autobuses –Mouriscade

Volta- 20:00H.– Mouriscade – Estación de Autobuses.



FICHA DE INSCRICIÓN LALÍN CAMP 2022 ANEXO I: SOLICITUDE INDIVIDUAL

1. DATOS DO/A MENOR:	
Nome e apelidos : <input type="text"/>	Data nacemento: <input type="text"/>
	Idade: <input type="text"/>

2. SOLICITANTE / RESPONSABLE DO/A MENOR: (proxenitor/a, titor/a legal)	
Nome e apelidos : <input type="text"/>	DNI: <input type="text"/>
Correo electrónico: <input type="text"/>	Teléfonos de contacto: <input type="text"/>
Enderezo familiar: <input type="text"/>	

3. CUESTIONARIO MÉDICO SANITARIO: MARCAR CUNHA X		
O/A solicitante sofre algún proceso alérxico (alimento, medicamento)? En caso afirmativo é necesario especificar.	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SI
Fóronlle subministradas todas as vacinas correspondentes a súa idade?	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SI
Padece algunha limitación fisiolóxica ou funcional?	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SI
Está seguindo algún tratamento médico ou farmacolóxico?	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SI
Precisa algunha dieta especial? En caso afirmativo é necesario acompañar dun informe médico que describa a incidencia e os coidados necesarios.	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SI
Ten discapacidade/diversidade/necesidade educativa especial?	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SI
Sabe nadar?	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> SI
Observacións que considere oportuno advertir:		
<input type="text"/>		

5. CAMPAMENTOS QUE SOLICITA					
	ACTIVIDADE	DATAS	HORARIO	IDADES	N.º PRAZAS
<input type="checkbox"/>	DIVERVERÁN Mouriscade	Luns a Venres 27 de XUÑO ao 15 de XULLO	9:00 a 14:00h.	6-9 anos	20
<input type="checkbox"/>	“A AVENTURA ESTÁ AÍ FORA” Mouriscade	Venres, Sábado e Domingo 1-3 de XULLO 8-10 de XULLO 15-17 de XULLO	9:00 a 14:00h.	10-12 anos	15
<input type="checkbox"/>	MIÚDO CAMP Casa da Xuventude	Luns a Venres 4-15 de XULLO	10:00 a 14:00h.	3-6 anos	20
<input type="checkbox"/>	CAMPAMENTO VERDE Casa da Xuventude	luns a venres 18-29 de XULLO	9:00 a 14:00h.	5-13 anos	40
<input type="checkbox"/>	CAMPAMENTO MULTIDEPORTE 1 Pavillón Lalín	luns a venres 18-29 de XULLO	16:00 a 20:00h.	3-12 anos	30
<input type="checkbox"/>	CAMPAMENTO MULTIDEPORTE 2 Pavillón Lalín	luns a venres 1-12 de AGOSTO	16:00 a 20:00h.	3-12 anos	30
<input type="checkbox"/>	CAMPAMENTO MULTIAVENTURA CARBALLOS Mouriscade	16-22 de AGOSTO	10:00 a 20:00h (comida incluída)	8-12 anos	40
<input type="checkbox"/>	CAMPAMENTO MULTIAVENTURA CASTIÑEIRO Mouriscade	25-31 de AGOSTO	Todo o día pensión completa e durmida	13-17 anos	30

* Poña nos cadros a orde de prioridade 1º ,2º e 3º segundo as súas preferencias.

1º

2º

3º

6. AUTORIZACIÓNS E CESIÓN DEREITOS DE IMAXE

Don/a provisto/ a de D.N.I. nº proxenitor/a /titor/a e/ou representante legal do/a menor

declaro baixo a miña responsabilidade que os datos que figuran nesta ficha de inscrición son certos e autorizo:

- Que se consulten datos correspondentes á convivencia que constan no Departamento de Padrón Municipal
- Á/ao menor a participar no Programa **LALINCAMP 2022** organizado polo Concello de Lalín.
- A ser recollido/a unha vez rematada a actividade pola/s seguinte/s persoa/s, previo aviso ao monitorado:

Nome e apelidos: <input type="text"/>	DNI <input type="text"/>	Teléfono: <input type="text"/>
--	-----------------------------	-----------------------------------

Igualmente **AUTORIZO** / **NON AUTORIZO** a que por parte da organización da actividade, se poidan captar imaxes do/a menor, reportaxes e fotografías para a súa divulgación en calquera dos medios utilizados para a promoción destas actividades, ben a través de reportaxes audiovisuais, na páxina web de Concello, redes sociais ou en publicacións en papel. A cesión aquí contemplada é con carácter gratuito e co obxectivo de difundir e promover as actividades do Concello. E para que así conste e a efectos oportunos, asinamos a presente autorización na data e lugar indicados máis abaixo.

OUTRA DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR TRA A ADXUDICACIÓN DE PRAZA:

- Copia do **DNI/NIE/ Pasaporte da persoa responsable** do/a menor e daquela outra **persoa encargada da recollida**.
- Copia do **DNI/NIE/pasaporte da/o menor**. Se o/a menor non dispuxera de DNI/NIE/Pasaporte, deberá achegarse a copia da folia correspondente do libro de familia ou documentación análoga.
- Foto** actualizada do/a participante.
- Copia da **tarxeta sanitaria** ou seguro médico privado da/o menor.
- Certificado Médico**, se procede.
- Copia completa da sentenza xudicial polo que se aprobe o **convenio regulador** no que conste a atribución da garda e custodia do/a menor, se procede.

***Unha vez adxudicada a praza entregarase esta documentación á dirección de cada campamento o día da reunión.**

Lalín, de de

Asinado:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

DATOS PERSOAIS (indicar nome, apelidos e DNI/NIE)	<input type="text"/> <input type="text"/>
---	--

Acepto que o Concello de Lalín trate e garde os datos achegados para a realización de actuacións administrativas:

Responsable do Tratamento	Concello de Lalín
Finalidades do Tratamento	O servizo LALINCAMP22 ten como obxectivo principal favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar de familias con menores de idade, a través da execución de actividades de atención, coidado e custodia á infancia (3-17 anos) desde un enfoque lúdico-educativo.
Lexitimación para o Tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta entidade
Persoas destinatarias dos Datos	Cederanse os datos, no seu caso, a outras administracións públicas e aos encargados de tratamento, así como á empresa adxudicataria do servizo. Non hai previsión de transferencias a terceiros países
Exercicio de dereitos	A persoa usuaria poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais a través da sede electrónica do Concello de Lalín ou presencialmente no enderezo Praza de Galicia, nº 1 - 36500 - Lalín (Pontevedra)

Lalín, e

Sinatura